

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

TEMA 2- LEI 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

1. Á luz da enumeración realizada polo artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes actos non se prevé como un dos que deberá de ser motivado con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito?:

- a) Os actos que resolvan procedementos de arbitraje.
- b) Os acordos de aplicación da tramitación simplificada dun procedemento.
- c) Os acordos de adopción de medidas provisionais.

2. En virtude do principio de executividade recollido no artigo 38 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, serán executivos conforme ao disposto nesta lei os actos das administracións públicas:

- a) Ditados nos procedementos de responsabilidade patrimonial.
- b) Ditados nos procedementos disciplinarios.
- c) Suxeitos ao dereito administrativo.

3. Cando unha Administración pública teña que ditar, no ámbito das súas competencias, un acto que necesariamente teña por base outro ditado por unha Administración pública distinta e aquela entenda que é ilegal (artigo 39 da LPAC):

- a) Poderá apartarse do sentido deste sen ter que motivar o seu propio acto.
- b) Poderá requirir a esta previamente para que anule ou revise o acto.
- c) Declararalo lesivo para o interese público tras a impugnación ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

4. A teor do disposto polo artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en que situacións poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos administrativos?:

- a) En ningún caso.
- b) Excepcionalmente.
- c) En calquera caso.

5. Respecto dos medios de notificación que deben empregar as administracións públicas, sinala o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) As notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos.
- b) As notificacións se practicarán exclusivamente por medios electrónicos.
- c) As notificacións se practicarán polo medio que sinala o interesado.

6. No caso de que o primeiro intento de notificación se realizase antes das quince horas, o segundo intento deberá realizarse despois das quince horas, e viceversa, e deixarase en todo caso polo menos unha marxe de diferenza entre ambos os intentos de notificación de (artigo 42 da LPAC):

- a) Cinco horas.
- b) Dúas horas.
- c) Tres horas.

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

7. Cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, tentada esta, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no *Boletín Oficial do Estado*. Así mesmo, as administracións das comunidades autónomas (artigo 44 da LPAC)

- a) Previamente publicarán un anuncio no boletín oficial da comunidade autónoma.
- b) Con posterioridade e con carácter facultativo, poderán publicar un anuncio no boletín oficial da comunidade autónoma.
- c) Previamente e con carácter facultativo, poderán publicar un anuncio no boletín oficial da comunidade autónoma.

8. Cal dos seguintes actos das administracións públicas non serán en todo caso nulos de pleno dereito, segundo o disposto polo artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?:

- a) Os que sexan constitutivos de infracción penal.
- b) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico.
- c) Os ditados prescindindo total e absolutamente das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

9. Segundo o sinalado polo artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio determinarán:

- a) A súa invalidez.
- b) A súa nulidade de pleno dereito.
- c) A súa anulabilidade.

10. Establece o artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que o defecto de forma só determinará a anulabilidade:

- a) Cando así o impoña a natureza do defecto.
- b) Cando o acto dea lugar á indefensión dos interesados.
- c) Cando o acto careza de calquera requisito formal para alcanzar o seu fin.

11. A teor do artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, son anulables os actos da Administración:

- a) Que lesionen dereitos susceptibles de amparo constitucional.
- b) Que incorran en desviación de poder.
- c) Que teñan un contido imposible.

12. Os actos nulos ou anulables que, con todo, conteñan os elementos constitutivos doutro distinto producirán os efectos deste en virtude do principio de (artigo 50 de LPAC):

- a) Conservación de actos e trámites.
- b) Validación.
- c) Conversión de actos viciados.

13. Segundo o artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración poderá validar:

- a) Os actos anulables.
- b) Os actos expresos.
- c) Os actos nulos de pleno dereito.

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

14. Cal dos seguintes dereitos dos interesados nos procedementos administrativos relacionados no artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas admite excepcións?:

- a) Dereito a identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b) Dereito a non presentar documentos orixinais.
- c) Dereito a achegar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia.

15. De acordo con cal dos seguintes principios se prevé no artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que poida o órgano administrativo competente para resolver adoptar as medidas provisionais que estime oportunas?:

- a) Intervención mínima.
- b) Menor onerosidade.
- c) Idoneidade.

16. Segundo o artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non se poderán adoptar medidas provisionais:

- a) Unha vez iniciado o procedemento administrativo.
- b) Cando impliquen violación de dereitos amparados polas leis.
- c) Antes da iniciación do procedemento administrativo.

17. Segundo o artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que órgano administrativo é o competente para dispoñer a acumulación dun procedemento a outros?:

- a) O que inicie ou tramite un procedemento.
- b) O que resolva un procedemento.
- c) O superior xerárquico do que inicie un procedemento.

18. De acordo co artigo 58 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con que finalidade poderá o órgano competente, con anterioridade ao acordo de iniciación, abrir un período de información ou actuacións previas?:

- a) Co de exercer a protección provisional dos intereses implicados.
- b) Co de asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer.
- c) Co de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

19. Segundo o artigo 60 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para os efectos de iniciación do procedemento, enténdese por orde superior a emitida por un órgano administrativo superior xerárquico do competente para:

- a) A resolución do procedemento.
- b) A resolución dos recursos do procedemento.
- c) A iniciación do procedemento.

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

20. A proposta de iniciación do procedemento formulada por calquera órgano administrativo que non ten competencia para iniciar este e que tivo coñecemento das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento, ben ocasionalmente ou ben por ter atribuídas funcións de inspección, investigación ou investigación denomínase (artigo 61 da LPAC):

- a) Petición razoada.
- b) Denuncia.
- c) Orde superior.

21. Segundo o artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as denuncias sobre feitos que puidesen constituír unha infracción administrativa recollerán:

- a) A data da súa comisión e, en todo caso, a identificación dos presuntos responsables.
- b) A data da súa comisión e, cando sexa posible, a identificación dos presuntos responsables.
- c) A identificación dos presuntos responsables e, cando sexa posible, a data da súa comisión.

22. No caso de que os particulares presuntamente lesionados non comparezan no prazo que se lles conceda para que acheguen cantas alegacións, documentos ou información estimen conveniente ao seu dereito e propoñan cantas probas sexan pertinentes para o recoñecemento deste, nun procedemento de responsabilidade patrimonial (artigo 65 da LPAC):

- a) Instruírase igualmente o procedemento iniciado.
- b) Declararáselles decaídos no seu dereito ao trámite e o órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento.
- c) Concederáselles a ampliación do prazo inicialmente concedido por un período que non exceda da metade de duración daquel.

23. Segundo o establecido no artigo 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto aos procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, o dereito a reclamar prescribe:

- a) Aos seis meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- b) Aos dous anos de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- c) Ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.

24. Segundo o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo de corrección e mellora da solicitude poderá ser ampliado prudencialmente ata cinco días:

- a) Cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.
- b) Cando o procedemento así o estableza.
- c) Cando así o imponha a natureza do termo ou prazo.

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

25. A resolución da Administración pública que declare a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación (artigo 69 da LPAC):

- a) Poderá determinar a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei.
- b) Determinará a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei que non poderá ser superior a aquel durante o cal o interesado estivese desenvolvendo a súa actividade.
- c) Poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento do recoñecemento ou do exercicio do dereito ou ao do inicio da actividade correspondente.

26. Segundo o artigo 70 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes documentos forma parte dun expediente administrativo?:

- a) As notificacións aos interesados.
- b) As notas de apoio técnico dunha resolución.
- c) Os informes internos de carácter auxiliar.

27. Segundo o artigo 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o procedemento impulsárase:

- a) De oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos.
- b) A instancia de parte en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos.
- c) De oficio en todos os seus trámites e a través de medios analóxicos.

28. Cal das seguintes é unha consecuencia do principio de simplificación administrativa? (artigo 72 da LPAC):

- a) Que se acorden nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
- b) Que o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que fose a forma da súa iniciación, poida dispoñer, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión.
- c) Que as pretensións correspondentes a unha pluralidade de persoas que teñan un contido e fundamento idéntico ou substancialmente similar poidan ser formuladas nunha única solicitude.

29. Segundo o artigo 74 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as cuestións incidentais que se susciten no procedemento suspenderán a tramitación deste:

- a) Só se se refiren á nulidade de actuacións.
- b) Só se se trata da recusación.
- c) Si, suspéndese a tramitación ante calquera cuestión incidental.

30. De acordo co artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:

- a) En calquera momento do procedemento anterior á resolución.
- b) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.
- c) En calquera momento do procedemento anterior á proposta de resolución.

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

31. Sinala o artigo 77 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que, cando a proba consista na emisión dun informe dun órgano administrativo, organismo público ou entidade de dereito público:

- a) Entenderase que este ten carácter preceptivo.
- b) Entenderase que este ten carácter vinculante.
- c) Comunicarase aos interesados a petición deste, e concederáselles un prazo de dez días para formular as alegacións que entendan pertinentes.

32. Dispón o artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que, con carácter xeral, os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e no prazo de:

- a) Vinte días.
- b) Cinco días.
- c) Dez días.

33. O artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán:

- a) Preceptivos e non vinculantes.
- b) Facultativos e non vinculantes.
- c) Facultativos e vinculantes.

34. Segundo o artigo 81 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos de responsabilidade patrimonial en que sexa preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo autonómico, este emitirase no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

35. Con relación ao trámite de audiencia, sinala o artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os interesados poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes nun prazo:

- a) Non inferior a dez días nin superior a vinte.
- b) Non inferior a dez días nin superior a quince.
- c) Non inferior a quince días nin superior a vinte.

36. Segundo o artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que órgano é o competente para poder acordar un período de información pública?:

- a) O órgano ao que lle corresponda a instrución do procedemento.
- b) O órgano ao que lle corresponda ditar informe no procedemento.
- c) O órgano ao que lle corresponda a resolución do procedemento.

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

37. Respecto da terminación dos procedementos sancionadores regulada no artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinálese cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da primeira, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento.
- b) Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da segunda, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento.
- c) Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impor unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a procedencia da segunda, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento.

38. Establece o artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións:

- a) De, polo menos, o 20 % sobre o importe da sanción proposta.
- b) De, polo menos, o 10 % sobre o importe da sanción proposta.
- c) De, como máximo, o 20 % sobre o importe da sanción proposta.

39. Que establece o artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto dos acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público coma privado que poidan ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos?:

- a) Publicaranse en todo caso.
- b) Nunca é necesaria a súa publicación.
- c) Deben publicarse ou non, segundo a súa natureza e as persoas ás que estivesen destinados.

40. Sinale o artigo 87 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo:

- a) Non superior a quince días.
- b) Non superior a dez días.
- c) Non superior a sete días.

41. De acordo co artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en que casos poderá absterse a Administración de resolver baixo pretexto de insuficiencia de preceptos legais aplicables ao caso?:

- a) Cando xa existan precedentes sobre a cuestión que sexa obxecto principal do expediente.
- b) En ningún caso.
- c) Naqueles casos en que se necesite autorización ou aprobación de órgano superior.

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

42. A resolución que poña fin ao procedemento decidirá todas as cuestións expostas polos interesados e aquelas outras derivadas del. Cando se trate de cuestións conexas que non fosen expostas polos interesados, o órgano competente poderase pronunciar sobre estas, e poñerá antes de manifesto a aqueles por un prazo non superior a (artigo 88 da LPAC):

- a) Dez días.
- b) Quince días.
- c) Cinco días.

43. De acordo co artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con respecto á resolución dun procedemento administrativo, indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- a) A aceptación de informes ou ditames servirá, en todo caso, de motivación á resolución.
- b) A resolución que poña fin ao procedemento decidirá todas as cuestións expostas polos interesados e aquelas outras derivadas del.
- c) Nos procedementos tramitados a solicitude do interesado a resolución en ningún caso pode agravar a súa situación inicial.

44. En cal dos seguintes supostos resolverá o órgano instructor a finalización do procedemento, co arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución? (artigo 89 da LPAC):

- a) Cando os feitos probados poidan non constituír infracción administrativa.
- b) Cando concorra a circunstancia da inexistencia dos feitos que puidesen constituír a infracción.
- c) Cando se conclúise, en calquera momento, que caducou o procedemento.

45. Cando as condutas sancionadas causasen danos ou perdas ás administracións e a contía destinada a indemnizar estes danos non quedase determinada no expediente (artigo 90 da LPAC):

- a) Fixarase mediante un procedemento complementario, cuxa resolución será inmediatamente executiva.
- b) Fixarase mediante un procedemento de responsabilidade patrimonial, cuxa resolución non será inmediatamente executiva.
- c) Fixarase mediante unha resolución complementaria, que será susceptible de recurso administrativo.

46. Nun procedemento de responsabilidade patrimonial poderá entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular se non recaeu e non se notificou resolución expresa ou, se é o caso, non se formalizou o acordo nun prazo de (artigo 91 da LPAC):

- a) Seis meses desde que se iniciou o procedemento.
- b) Tres meses desde que se iniciou o procedemento.
- c) Un ano desde que se iniciou o procedemento.

47. Respecto da renuncia, sinala o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) Todo interesado poderá renunciar aos seus dereitos.
- b) Todo interesado poderá renunciar aos seus dereitos, sempre que o faga en calquera momento anterior á proposta de resolución.
- c) Todo interesado poderá renunciar aos seus dereitos cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico.

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

48. En cal dos seguintes supostos a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento? (artigo 94 da LPAC):

- a) Cando se aprecie a concorrencia de imperiosas razóns de interese xeral.
- b) Cando a renuncia ou a desistencia resulten contrarios á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis.
- c) Cando fose conveniente tramitar a cuestión suscitada pola incoación do procedemento para a súa definición e esclarecemento.

49. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable a el, a Administración advertirao de que se producirá a caducidade do procedemento unha vez transcorrido o prazo de (artigo 95 da LPAC):

- a) Tres meses.
- b) Dous meses.
- c) Un mes.

50. Os interesados poderán solicitar a tramitación simplificada do procedemento. Se o órgano competente para a tramitación aprecia que non concorre algunha das razóns previstas para a tramitación simplificada, poderá desestimar esta solicitude, no prazo de (artigo 96 da LPAC):

- a) Sete días desde a súa presentación.
- b) Cinco días desde a súa presentación.
- c) Dez días desde a súa presentación.

51. Segundo o artigo 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando pola finalización do procedemento administrativo naza unha obriga de pago derivada dunha sanción pecuniaria, esta efectuarase preferentemente, salvo que se xustifique a imposibilidade de facelo:

- a) Utilizando unha tarxeta de crédito e débito.
- b) Utilizando un cheque persoal.
- c) Utilizando o pago en especie.

52. De acordo co sinalado polo artigo 99 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinálese cal das seguintes afirmacións é correcta en relación á execución forzosa:

- a) As administracións públicas, a través dos seus órganos competentes en cada caso, procederán, con apercibimento previo, á execución forzosa dos seus actos.
- b) As administracións públicas, a través dos seus órganos competentes en cada caso, poderán proceder, con apercibimento previo, á execución forzosa dos actos administrativos.
- c) As administracións públicas, a través dos seus órganos competentes en cada caso, poderán proceder á execución forzosa dos actos administrativos.

53. Dispón o artigo 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que se fosen varios os medios de execución admisibles:

- a) Utilizaranse de modo sucesivo e comezarse por aquel que incida en menor medida no patrimonio do afectado.
- b) Elixirase o menos restritivo da liberdade individual.
- c) Utilizarase aquel que resulte máis adecuado para os fins perseguidos.

SUBGRUPO C1-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

54. Segundo o artigo 101 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non poderá impoñérselles aos administrados unha obrigaón pecuniaria que non estea establecida por:

- a) Unha norma de rango legal.
- b) Unha norma de rango de regulamento.
- c) Unha norma de rango de decreto.

55. A que medio de execución dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas se acudirá cando se trate de actos que, por non ser persoalísimos, poidan ser realizados por un suxeito distinto do obrigado (artigo 102 da LPAC)?:

- a) Execución subsidiaria.
- b) Multa coercitiva.
- c) Constrinximento sobre o patrimonio.